

"Leccións na arte de vivir"



Impartido por:

- Ángela Llano Tojeiro, Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña

Descrición:

Este seminario é un encontro para descubrir como a creatividade, a arte e a paixón acompañaron a grandes mulleres durante toda a súa vida... e máis aló. Todas elas desafiaron as barreiras de xénero, independencia creativa, e idadismo. Descubriremos os segredos destas pioneiras e aprenderemos os seus enfoques vitais. Analizaremos as increíbles fotografías Ruth Matilda Anderson e os cadros de Georgia O'Keeffe. Leremos a escritoras como Laura Ingalls, Agatha Christie, Toni Morrison, e escoitaremos cancións icónicas de Joan Baez e Joni Mitchell.

Obxectivos:

1. Introducción: Como a vida modela a obra destas artistas de principio a fin
2. Identificar os aspectos comúns do seu enfoque vital:
 - a. A creatividade como ferramenta cognitiva e emocional
 - b. A arte como identidade e propósito
 - c. A adaptabilidade e o estilo de vida
 - d. A conexión co mundo
3. Cómo aplicar ditos aspectos á nosa vida para empoderar ás participantes

Metodoloxía:

- Presentacións e lecturas
- Debates nunha contorna respectuosa e participativa.

Contidos:

1. Introducción: Creatividade e lonxevidade. Cómo a creatividade inflúe na idade madura
2. Pinceis, cámaras e perserverancia: Ruth Matilda Anderson e Georgia O'Keeffe
3. A conquista do Oeste, do Imperio Británico e da América negra: a visión de Laura Ingalls, Agatha Christie e Toni Morrison
4. Voces femininas: Joan Baez, Joni Mitchell

Calendario e horario

Catro sesións de dúas horas (**de 12 a 14 horas**), os **días 12, 19 e 26 de febreiro, e 5 de marzo de 2026**, nas instalacións da **Universidade Sénior** en Normal (Paseo de Ronda, 47) da Coruña .

Inscripción e matrícula

As prazas son limitadas e serán asignadas por rigorosa orde de inscrición. A inscrición só poderá realizarse mediante formulario electrónico, **do 16 ao 25 de xaneiro de 2025**, a través da páxina web: www.udc.gal/senior. Máis información: **Secretaría da Universidade Sénior** (Tlf. 881014507 – secretaria.senior.coruna@udc.es)